

Instituto Galego de Medicina Técnica
Memoria 2007

Ficha técnica

Coordinación

Miguel Ángel Álvarez
Área de Comunicación
Instituto Galego de Medicina Técnica

Maquetación e Impresión

Mabel Aquayo, CB

Dep. Legal

PO-443/03



ÍNDICE

...5	▶ Presentación
...6	▶ Introducción
...8	▶ Estrutura organizativa
...14	▶ Características do instituto
...18	▶ Actividade asistencial global
...22	▶ Unidades clínicas (áreas de servizo compartido)
...38	▶ División de Consultoría
...44	▶ Servizo de Radiofísica
...48	▶ Recursos humanos
...54	▶ Xestión de calidade e sistemas de control
...58	▶ Enquisas de satisfacción
...66	▶ Actividade científica
...94	▶ Enderezos das actividades





Nesta memoria, correspondente ao ano 2007, tentamos reunir, como vimos facendo en cada exercicio, a actividade desenvolvida polo Instituto Galego de Medicina Técnica nos seus diversos eidos de actuación, xunto cos feitos máis relevantes que marcaron o desenvolvemento da institución neste período.

O resumo de actividades que se recolle nestas páxinas reflicte, unha vez máis, o considerable esforzo dos profesionais por responder con eficacia á demanda asistencial, así como a progresiva incorporación de novas tecnoloxías e procedementos encamiñados a mellorar a saúde da poboación.

Noutro amplo apartado recóllese o labor levado a cabo pola División de Consultoría ao longo de 2007, asesorando á administración sanitaria na planificación e adquisición dos principais recursos asistenciais que se poñen a disposición dos cidadáns.

Este compendio anual faise eco igualmente da actividade desenvolvida polo Servizo de Radiofísica e a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica no que respecta ao control de calidade de parte importante do equipamento de radiodiagnóstico de que dispón a sanidade pública de Galicia.

No ano 2007 leváronse a cabo novas iniciativas encamiñadas a avanzar na coordinación asistencial co resto dos recursos asistenciais do sistema sanitario, planificouse a adquisición de novos recursos, para seguir afondando na equidade asistencial, e mantivéronse as liñas que caracterizan a este instituto como a súa capacidade para adaptarse dun xeito áxil ás variacións da demanda.

Os usuarios volveron a expresar un alto grao de satisfacción coa asistencia recibida, o que amosa que se segue traballando na dirección axeitada. Así pois, en consonancia con esa favorable opinión dos pacientes, queremos agradecer o traballo realizado polo cadro de persoal do instituto, e por todos aqueles profesionais da sanidade pública que colaboran con esta organización cada día no obxectivo de ofrecer a mellor asistencia posible á poboación.

Javier de Villalobos Brassart
Director Económico - Administrativo



INTRODUCCIÓN

No exercicio de 2007 cumpríronse trece anos dende a promulgación, por parte da presidencia da Xunta de Galicia, do Decreto 229/1994, do 14 de xullo, polo que se creaba o Instituto Galego de Medicina Técnica (Medtec), como sociedade pública autonómica, adscrita ao Servizo Galego de Saúde.

Neste período, o instituto continuou dándolle cobertura asistencial a máis de 1.250.000 persoas residentes no sur de Galicia, nos eidos da cirurxía cardíaca, cardioloxía intervencionista, diagnóstico por imaxe, medicina nuclear e oncoloxía radioterápica, a través de seis unidades clínicas de alta especialización integradas funcionalmente nos complexos hospitalarios de Vigo e Ourense.

Entre tanto, durante o ano 2007, o Instituto Galego de Medicina Técnica, a través da súa División de Consultoría, seguiu proporcionando asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de avaliación, planificación, adquisición, organización e xestión de recursos asistenciais, ademais de colaborar coa División de Recursos Económicos nunha nova liña de actividade, consistente na xestión integrada dos proxectos e obras que promove a administración sanitaria de Galicia.

O Servizo de Radiofísica e a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) levaron a cabo o control de calidade de parte importante das insta-

lacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia, así como de varios hospitais do norte de Portugal e de Valladolid, xunto co desenvolvemento de accións formativas en materia de protección radiolóxica, dirixidas aos profesionais sanitarios que traballan con radiacións ionizantes.

Na liña de exercicios anteriores, a actividade das unidades clínicas estivo fundamentalmente marcada neste período pola incorporación de novas dotacións tecnolóxicas destinadas a manter a capacidade de resposta diante da demanda asistencial, ademais de contribuir ao desenvolvemento da integración cos complexos hospitalarios onde estas unidades están localizadas.

O funcionamento ao longo de todo o ano dun cuarto acelerador lineal, xunto coa apertura no mes de xaneiro dunha nova resonancia magnética de 1,5 teslas e dunha nova sala de hemodinámica no Hospital do Meixoeiro, e a efectividade da primeira unidade móbil de resonancia magnética, como alternativa para dar reposta á demanda dos hospitais comarcais neste tipo de estudos, supuxo un incremento considerable no número de pacientes atendidos nas unidades de Oncoloxía Radioterápica, Cardioloxía Intervencionista e Diagnóstico por Imaxe desta organización.

A Unidade de radiofármacos Pet Galicia, tamén dependente do Instituto, iniciou a produción de FDG, pero non estableceu aínda a subministración





INTRODUCCIÓN

regular dese radiofármaco aos hospitais do Servizo Galego de Saúde, como estaba previsto, debido a defectos detectados no sistema de climatización dos laboratorios, que fan necesario o cambio da devandita instalación.

No desenvolvemento da integración nos complexos hospitalarios, no ano 2007 instalouse un anxiógrafo vascular no Hospital Xeral Cíes, destinado á área de servizo compartido de Diagnóstico por Imaxe, e a Unidade de Cardiología Intervencionista participou activamente na creación da unidade funcional de Cardiología no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI).

Dentro do Plan de Xestión da Calidade do instituto, no ano 2007 renovouse a acreditación de calidade ISO 9001:2000 de todas as unidades certificadas: Consultoría, Diagnóstico por Imaxe, Medicina Nuclear, Oncoloxía Radioterápica e Física Médica, esta última integrada pola Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) e o Servizo de Radiofísica.

Novo equipamento

A satisfacción cos resultados da primeira unidade móbil de resonancia magnética levou a realizar ao longo do ano 2007 as xestións necesarias para a adquisición dunha segunda unidade, cunha previsión de inicio de actividade para o mes de abril de 2008. Este novo equipo contribuirá a reforzar unha fórmula asistencial que permite optimizar o uso dos recursos sanitarios públicos, avanzar na prestación de servizos aos cidadáns, reducir as listas de espera, responder ao crecemento da demanda e achegar a alta tecnoloxía a todos os hospitais da rede pública.

A principios de 2007 entrou en funcionamento unha resonancia magnética de 1,5 teslas no Hospital do Meixoeiro, que incrementou de xeito notable a capacidade de resposta da Unidade de Diagnóstico por Imaxe fronte ao crecemento da demanda de exploracións complexas.

Na Unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital do Meixoeiro implantouse neste exercicio a braquiterapia de alta taxa de próstata con dose-metría en tempo real, unha técnica coa que se consegue a máxima precisión na radiación do cancro

prostático. Asemade, en 2007 consolidouse dentro da carteira de servizos a utilización da intensidade modulada de doses en radioterapia (IMRT) e adquiriuse un sistema micromultiláminas para a súa instalación nun dos catro aceleradores con que conta o servizo.

Durante este ano entrou en funcionamento a terceira sala de intervencionismo cardiovascular na Unidade de Cardiología Intervencionista e pasou a ocupar unha das tres salas existentes o Servizo de Electrofisiología, coa conseguinte mellora na súa dotación técnica ademais de supoñer un novo avance en canto a coordinación asistencial.

Polo que se refire ao xeito de funcionamento, o instituto seguiu actuando no ano 2007 conforme aos principios que veñen caracterizando a súa actividade clínica, como son: a flexibilidade na adecuación dos seus medios humanos e técnicos á demanda asistencial, a incorporación de medios e procedementos avanzados que garantan o acceso dos cidadáns ás últimas tecnoloxías sanitarias, a procura da meirande calidade nos diversos ámbitos do seu funcionamento, a máxima coordinación co resto dos recursos asistenciais do sistema sanitario e a orientación ao paciente de todas as súas actuacións. Nese sentido, as unidades asistenciais seguiron aprofundando na cooperación profesional e no traballo conxunto cos servizos dos hospitais do Servizo Galego de Saúde nos que estas realizan a súa actividade.







ESTRUTURA ORGANIZATIVA

ESTRUTURA ORGANIZATIVA
ESTRUTURA ORGANIZATIVA



ESTRUTURA ORGANIZATIVA

O órgano de goberno do instituto é o Consello de Administración, que está presidido estatutariamente pola conselleira de Sanidade e integrado por outros altos cargos da mesma Consellería, da Consellería de Economía e Facenda e do Servizo Galego de Saúde, xunto cun catedrático da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

O Consello de Administración nomea o director xerente do instituto, ao que lle corresponde xestionar a organización. Cada unidade clínica así como a División de Consultoría teñen á fronte un director técnico, e o cadro directivo da empresa fórmano, ademais, un director de Recursos Humanos, un director Económico-Administrativo e un director de Auditoría e Organización.

O instituto ten unha estrutura organizativa de carácter matricial, na que as unidades asistenciais así como a División de Consultoría e a Unidade de Radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón) dispoñen dun alto grao de autonomía de xestión. Estas áreas da organización, que actúan como "centros de pro-

ducción" contan, para desenvolver a súa actividade asistencial e de asesoría, co apoio das áreas de Recursos Humanos, Económico-Administrativa, Organización e da Informática que, ademais de facilitarlles as xestións non directamente asistenciais, participan activamente nos procesos de planificación, elaboración de orzamentos e control dende as súas respectivas ópticas.

Composición do Consello de Administración:

Presidenta:

María José Rubio Vidal

Conselleira de Sanidade

Secretario:

José Luis Carbajo Romero

Subdirector xeral de Réxime Administrativo da Consellería de Sanidade

Conselleiros:

José Manuel Peña Penabaz

Secretario xeral da Consellería de Sanidade

Cayetano Rodríguez Escudero

Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

Julio Villar Barreiro

Director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

Germán González Pazó

Director xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade

Ana Consuelo Fernández Pulpeiro

Directora xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde

Antonio José Fernández Paniagua

Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

Inmaculada Viña Carregal

Secretaria xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda

Francisco Reyes Oliveros

Neurocirurxián, presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia



ORGANIGRAMA

Actual organigrama do instituto, aprobado polo Consello de Administración na súa sesión do día 31 de maio de 2001, ao que se incorpora como nova actividade a Unidade de Radiofármacos PET Galicia.



DIRECCIÓN E POSTOS DE RESPONSABILIDADE

Director Económico-Administrativo
Javier de Villalobos Brassart

Directora de Recursos Humanos
Rosario Royo Martel

Director de Auditoría e Organización
Ignacio Pintos Bermúdez

► ÁREA DE SERVIZOS CENTRAIS

Responsable de Relacións Laborais
Antonio Andreu Vázquez

Responsable de Control de Xestión
María Isabel Fernández Otero

Responsable de Contabilidade
Leonor María Bueno Lema

Subdirectora de Aprovisionamento
María Cristina Martín Fraguero

Responsable de Facturación e Sistemas de Información
Patricia Peleteiro Alonso

Responsable de Atención ao Usuario e Comunicación
Miguel Ángel Álvarez Rodríguez

Responsable de Informática
Celso Diz González



► UNIDADES CLÍNICAS

CIRURXÍA CARDÍACA

Director técnico
Gonzalo Pradas Montilla

Xefe clínico
Darío Durán Muñoz

Coordinadora
Cándida Iglesias Sánchez

Supervisor de quirófano
Juan Marcos Gómez Zincke

Supervisora da Unidade de Recuperación
Beatriz Pequeño García

► CARDIOLOXÍA INTERVENCIONISTA

Director técnico
Andrés Íñiguez Romo

Supervisora
Virginia Argibay Pytlik



► DIAGNÓSTICO POR IMAXE

Directora técnica
Mercedes Arias González

Supervisor
Juan José Bugarín Pampillón

► MEDICINA NUCLEAR

Director técnico
Ramón Guitián Iglesias

Xefe clínico Vigo
Ana María López López

Xefe clínico Ourense
Montserrat Delgado Castro

► ONCOLOXÍA RADIOTERÁPIA

Director técnico
Víctor Muñoz Garzón

Coordinadora
María Dolores Agujetas Rodríguez

Supervisor
Manuel Jesús Enguix Castelo

► UNIDADES TECNOLÓXICAS

DIVISIÓN DE CONSULTORÍA

Directora
Alicia Piñeiro Redondo

SERVIZO DE RADIOFÍSICA

Xefe do servizo
Manuel Salgado Fernández

UNIDADE TÉCNICA DE PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

Responsable
Fernando Ruiz García

Supervisor
Carlos Seco Paz



LOCALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

A sede central do instituto está situada en Santiago de Compostela e alberga:

- ▶ Estrutura administrativa central.
- ▶ División de Consultoría.
- ▶ Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR).

Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI)

- ▶ **Hospital do Meixoeiro de Vigo:**
 - Unidade de Cirurxía Cardíaca.
 - Unidade de Cardiología Intervencionista e Hemodinámica.
 - Unidade de Medicina Nuclear.
 - Unidade de Oncología Radioterápica.
 - Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica.
 - Unidade Administrativa.

- ▶ **Hospital Xeral-Cíes de Vigo:**
 - Unidade de Diagnóstico por Imaxe.

Complexo Hospitalario de Ourense

- ▶ Unidade de Medicina Nuclear. (Hospital Santa María Nai).

Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)

- ▶ Unidade de Radiofármacos PET Galicia.



RESONANCIA MAGNÉTICA MÓBIL



*Avanzamos
pola túa saúde*





E-340

CARACTERÍSTICAS DO INSTITUTO

CARACTERÍSTICAS DE INSTITUTO
CARACTERÍSTICAS DE INSTITUTO

CARACTERÍSTICAS DO INSTITUTO



CARACTERÍSTICAS DO INSTITUTO

O instituto mantivo no exercicio de 2007 as súas características fundamentais así como os principios que inspiraron a súa creación.

► **Carácter público:** o Instituto Galego de Medicina Técnica é unha sociedade de titularidade pública e capital integramente público, constituída ao abeiro da Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

► **Estrutura empresarial:** Medtec é unha sociedade anónima pública, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei de sociedades anónimas –texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro– e que está sometida a todos os controis establecidos para as empresas públicas.

► **Unidades asistenciais integradas nos hospitais do Sergas:** o Instituto Galego de Medicina Técnica é unha organización situada dentro do sistema sanitario público de Galicia, con todas as súas actividades asistenciais integradas funcionalmente nos hospitais do Sergas onde están instaladas.





CARACTERÍSTICAS DO INSTITUTO



► **Autonomía de xestión:** esta característica, que tamén é unha peculiaridade de cada unha das súas diferentes unidades asistenciais, permítelle a esta organización ser flexible e áxil na prestación da atención sanitaria e adaptarse con rapidez ás variacións da demanda.

► **O paciente como obxectivo prioritario:** esta institución organiza a súa actividade arredor do proceso asistencial, e toda a súa actuación ten como obxectivo fundamental o paciente e a tarefa de proporcionarlle unha atención sanitaria e humana da máxima calidade.

► **Calidade e mellora continua:** o instituto é unha organización comprometida coa calidade en sentido integral, de tal xeito que este concepto abarca todos os ámbitos da súa actividade, dende os aspectos organizativos ata os procesos asistenciais pasando pola provisión de tecnoloxía e os recursos humanos, e, en todos os casos, cunha visión de permanente mellora continua.





ACTIVIDADE ASISTENCIAL GLOBAL

ACTIVIDADE ASISTENCIAL GLOBAL
ACTIVIDADE ASISTENCIAL GLOBAL



ACTIVIDADE ASISTENCIAL GLOBAL

A actividade asistencial desenvolvida polas devanditas unidades clínicas no ano 2007 acadou os seguintes resultados:

- ▶ 764 intervencións cirúrxicas desenvolvidas na Unidade de Cirurxía Cardíaca, o que representa un incremento do 3,4% con respecto ás realizadas no ano precedente, das que 572 foron realizadas mediante circulación extracorpórea.
- ▶ 4.223 pacientes atendidos na Unidade de Cardiología Intervencionista, aos que lles foron realizados un total de 5478 procedementos diagnósticos e intervencionistas, de xeito que se rexistrou un incremento do 3,24% con respecto aos efectuados no ano 2006.
- ▶ 22.672 pacientes atendidos na Unidade de Diagnóstico por Imaxe, dos que 6.081 recibiron atención na unidade móbil de resonancia magnética. Nas instalacións fixas do Hospital Xeral Cíes e do Hospital do Meixoeiro (CHUVI) realizáronse 22.017 exploracións, un 18,9% máis que no ano 2006,

mentres que na unidade móbil foron realizados 7.285 estudos de resonancia.

- ▶ 5.398 pacientes atendidos na Unidade de Medicina Nuclear de Vigo, aos que lles foron realizados 7.872 procedementos, dos cales 7.719 tiveron carácter diagnóstico e 153 terapéuticos, o que supón unha diminución porcentual dun 4,9% respecto do ano anterior nas técnicas diagnósticas, xunto cun incremento dun 14% nos procedementos terapéuticos ambulatorios, e dun 36% nas terapias con ingreso.
- ▶ 4.046 pacientes atendidos na Unidade de Medicina Nuclear de Ourense, cun total de 6.743 procedementos, dos que 6.553 foron diagnósticos e 190 terapéuticos, cifras que representan un aumento do 6,5% en procedementos diagnósticos e do 37% nos terapéuticos.
- ▶ 2.290 tratamentos finalizados de oncoloxía radioterápica, dos que 1.948 corresponderon a teleterapia, 261 a braquiterapia de alta taxa de dose e 81 a radiocirurxía esterotáxica, tratamentos que, no seu conxunto, representan un incremento do 18,9% respecto dos que se realizaron no ano anterior.



ACTIVIDADE ASISTENCIAL GLOBAL

Actividade clínica global realizada no instituto Galego de Medicina Técnica durante o ano 2007

	2006	2007
Intervencións de cirurxía cardíaca	739	764
Técnicas hemodinámicas	5.306	5.478
Exploracións de diagnóstico por imaxe (Hospital)	18.518	22.017
Exploracións de diagnóstico por imaxe (Unidade móbil)	1.899	7.285
Técnicas de medicina nuclear en Vigo	8.245	7.872
Técnicas de medicina nuclear en Ourense	6.289	6.743
Tratamentos con teleterapia	1.647	1.948
Tratamentos con radiocirurxía	77	81
Tratamentos con braquiterapia	201	261







UNIDADES CLÍNICAS

UNIDADES CLÍNICAS
UNIDADES CLÍNICAS



CIRURXÍA CARDÍACA

O incremento da demanda e a necesidade de manter a pleno rendemento todos os recursos profesionais volveu marcar o funcionamento da Unidade de Cirurxía Cardíaca durante o ano 2007. Neste período realizáronse 764 intervencións cirúrxicas que supoñen un aumento do 3,4% respecto das levadas a cabo no ano anterior. A cifra de intervencións urxentes situouse en 153, que representa un 20% do total da actividade, o cal, como xa sucedera nos últimos anos, obrigou a unha continua reorganización das axendas de actividade programada. Un ano máis, hai que salientar o importante labor desenvolvido pola enfermeira coordinadora na xestión, en contacto directo cos pacientes, deses obrigados cambios de programación.

As cifras volven amosar un alto rendemento dos quirófanos, e acádase unha media que supera as tres intervencións diarias, con meses nos que se chegan a realizar 80 intervencións. En canto ao tipo de cirurxía, no ano 2007 apréciase de novo unha maior proporción conxunta da cirurxía valvular e cirurxía combinada valvular-coronaria, fronte as intervencións de doenzas especificamente coronarias, aínda que estas últimas experimentaron considerable un incremento respecto do ano 2006, cifrado nun 23,6%. Concretamente, o 39% das intervencións realizadas corresponden a patoloxía coronaria e 59% a patoloxía valvular.

Dentro dos procedementos complexos que figuran na carteira de servizos desta unidade, durante este ano foille practicada a ablación cirúrxica de fibrila-

ción auricular a un total de 92 pacientes, unha técnica que proporciona excelentes resultados na reversión dese tipo de arritmias e mellora notablemente a calidade de vida de moitos dos pacientes, ao quedar liberados do uso de anticoagulantes.

Tamén hai que salientar 51 intervencións de revascularización miocárdica sen CEC, unha técnica minimamente invasiva que permite reducir de xeito significativo a morbilidade, e que no ano 2007 se empregou na totalidade dos pacientes nos que a circulación extracorpórea suporía un alto risco. Nese período realizáronse 10 intervencións de Ross, que consisten en substituír a válvula aórtica danada do paciente pola súa válvula pulmonar e, no lugar que deixa esta última, implantar un homoinxerto de doador.

Así mesmo, colocáronse 18 endopróteses aórticas torácicas por vía percutánea en cooperación coa Unidade de Cardiología Intervencionista.

A utilización dende hai catro anos da técnica de perfusión cerebral anterógrada, permitiu realizar en 2007 un total de 28 intervencións con parada cardiocirculatoria do paciente, das cales 16 foron de disercción de aorta, cunha duración media de 76,5 minutos de parada e unha máxima de 249 minutos, e outras 12 sen disercción aórtica, nas que a media de parada cardiocirculatoria foi de 39 minutos e a máxima de 86 minutos.

A unidade seguiu acadando en 2007 uns bos indicadores de morbi-mortalidade, manténdose entre





UNIDADES CLÍNICAS

os cinco primeiros servizos de cirurxía cardíaca do país, tanto por volume de intervencións como pola calidade dos seus procedementos.

No ámbito da formación, a unidade recibiu en 2007 o seu terceiro residente, despois de que no ano 2005 se iniciase a formación de médicos MIR como resultado das xestións efectuadas diante do Ministerio de Educación. Os residentes permanecerán neste servizo cinco anos especializándose en cirurxía cardíaca.

Dentro da actividade científica, en 2007 a unidade de Cirurxía Cardíaca volveu actuar como entidade anfitroia dunha xuntanza de relevancia internacional, o II Simposium de Cirurxía da Raíz e Disección Aórtica, que se celebrou en Baiona o 21 de setembro e que tiña como obxectivo fundamental aprofundar na ampla variedade de posibilidades cirúrxicas coas que afrontar a patoloxía aórtica, e en especial a da raíz e a da disección da aorta.

ACTIVIDADE


No cadro adxunto pódense apreciar os diferentes apartados da actividade desenvolvida pola Unidade de Cirurxía Cardíaca no ano 2007.

764 intervencións cirúrxicas.

CIRURXÍA CARDÍACA

	2005	2006	2007
Intervencións programadas	608	587	611
Intervencións urxentes	139	152	153
Intervencións totais	747	739	764
Intervencións con CEC	598	581	572
Intervención sen CEC	149	158	192
Cirurxía coronaria	160	152	188
Cirurxía valvular	289	269	222
Cirurxía valvular-coronaria	114	139	169
Outras	184	179	195
Estadía media	10,91	10,83	11,07
Estadía media preoperatoria	1,02	1,04	1,09
Índice de programación (%)	81,39	79,83	79,97
Intervencións/día	3,04	2,99	3,08
Relación CEC/non CEC	4,01	3,67	2,97
Consultas totais	1.956	1.970	1.865


Gráfico no que se representan as principais características da actividade cirúrxica.



Para a realización da súa actividade asistencial, a Unidade de Cirurxía Cardíaca contou no ano 2007 con:

- ▶ Dous quirófanos dotados de sistemas de circulación extracorpórea, un módulo de normohipotermia e un medidor de fluxo sanguíneo coronario.
- ▶ Unha área de coidados postoperatorios con 10 camas.





CARDIOLOXÍA INTERVENCIONISTA

No ano 2007, a Unidade de Cardiología Intervencionista acadou novamente un alto volume asistencial, con cifras que a sitúan, segundo os indicadores da Sociedade Española de Cardiología, entre as tres primeiras de España e, nalgunhas actividades, no primeiro lugar.

Ao longo deste exercicio foron atendidos na unidade de 4.223 pacientes, aos que lles foron realizados un total de 5.478 procedementos diagnósticos e intervencionistas, rexistrando un incremento do 3,24% con respecto aos efectuados no ano 2006.

Rexistrouse tamén neste exercicio unha alta cifra de casos que houbo que abordar de forma urxente, situándose en preto do 17% do total. Igualmente, produciuse un novo incremento na demanda de intervencións coronarias múltiples complexas, pasando das 610 realizadas no ano 2006 ás 706 que se levaron a cabo no exercicio 2007, o que supuxo un aumento do 15,74% neste tipo de procedementos.

Así mesmo, mantívose a proporción da demanda asistencial en función das áreas xeográficas de procedencia, correspondéndolle ao Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) o 34,6% dos pacientes atendidos; o 32,5% ao Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU); o 19,5% ao

Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) e o 12,8% dos pacientes, ao Centro Médico Povisa.

É salientable, igualmente, o esforzo por realizar a meirande parte posible da actividade con carácter ambulatorio, como o demostra o feito de que nos últimos catro anos se reducise nun 50% a necesidade de ingreso tras procedementos intervencionistas, coa conseguinte maior comodidade para o paciente, ademais de aforrar custos ao sistema sanitario.

A calidade ofrecida por esta unidade volveu ser alta, como se evidencia, entre outros indicadores, pola baixa taxa de complicacións, a pesar do gran número de procedementos complexos. A mortalidade, que ocorre principalmente naqueles subgrupos en que é máis previsible, como o infarto agudo de miocardio tratado con anxioplastia primaria, especialmente en situacións de shock, sitúase arredor do 6%, unha taxa moi favorable se se compara coas cifras aceptadas en series de tratamento fibrilítico, que son de non menos do 10%.

A lista de espera é mínima, de 139 pacientes a 31 de decembro de 2007, o que representa só 8 días de traballo segundo a programación actual, con demoras tres veces inferiores aos obxectivos do Sergas nas prioridades I, II e III, a pesar das variacións ou picos estacionais que se compensan co incremento da actividade extraordinaria.



UNIDADES CLÍNICAS

Durante este ano entrou en funcionamento a terceira sala de intervenciónismo cardiovascular e pasou a ocupar unha das tres salas o Servizo de Electrofisioloxía, que ata ese momento viña desenvolvendo a súa actividade no Hospital Xeral Cíes. As outras dúas salas dedícanse a hemodinámica, e realizan o seu traballo en dúas quendas de mañá e nunha de tarde. A integración de Electrofisioloxía no espazo da Unidade de Cardiología Intervencionista representa unha notable mellora na dotación técnica para ese servizo ademais de supoñer un novo avance en canto a coordinación asistencial.

Precisamente co obxectivo de acadar unha máxima coordinación organizativa e asistencial, no ano 2007 creouse a Área de Cardiología do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, da que pasa a formar parte fundamental a Unidade de Cardiología Intervencionista do Instituto e que supón aglutinar dentro dunha mesma estrutura todas as actividades do ámbito da cardiología.

Neste exercicio, a unidade continuou complementando o labor asistencial coa docencia e investigación. En materia docente mantívose o plan de formación de bolseiros procedentes de terceiros países. Ademais, proporcionouse a formación estipulada no programa de formación de residentes a un MIR de Cardiología do complexo hospitalario.

A unidade seguiu impulsando a aplicación do programa "PROGALIAM" que ten en marcha o Servizo Galego de Saúde e polo que se coordinan todos os recursos asistenciais da comunidade autónoma: atención primaria, hospitais, 061, e centros de referencia en cardiología intervencionista, para lograr que o tempo dende que se produce un infarto ata que se actúa sobre o corazón do paciente para salvarlle a vida sexa o máis curto posible.

A estas actuacións hai que engadir a organización dunha nova edición dos "Seminarios cardiovasculares de formación continuada" que se desenvolven cada mércores en colaboración coa sección clínica do complexo, da área de cardiología, e as sesións clínicas diarias e cardio-cirúrxicas da unidade.

Finalmente, no ámbito da investigación, a Unidade de Cardiología Intervencionista seguiu participando en numerosos estudos multicéntricos e rexistros de avaliación da efectividade das tecnoloxías que utiliza.

ACTIVIDADE

Unidade de Cardiología Intervencionista
4.223 pacientes
5.478 procedementos hemodinámicos.

CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA

	2005	2006	2007
Ingresos	571	514	438
Estadías	1167	1166	1134
Estadía media	2,04	2,27	2,59
Procedementos Hemodinámicos totais	4.767	5.306	5.478
Técnicas Intervencionistas (Diagnósticas/Terapéuticas)/día	25,97	30,21	31,07
Procedementos diagnósticos totais	3.359	3.645	3.777
Procedementos intervencionistas totais	1.408	1.661	1.701

PROCEDEMENTOS INTERVENCIONISTAS

	2005	2006	2007
ACTP stent	1.243	1.462	1.607
ACTP aterectomía	137	172	267
Complexas / múltiples	582	610	706
Valvuloplastia	11	12	9
Peche de CIA	11	14	11
Outros	6	1	3
Procedementos intervencionistas totais	1.408	1.661	1.701

Para a realización desta actividade clínica, a Unidade de Cardiología Intervencionista contou con:

- ▶ Dúas salas vasculares de hemodinámica Advantx DLX C de General Electric.
- ▶ Unha sala vascular de hemodinámica con tecnoloxía Philips Allura XPER FD10C.
- ▶ Área de recuperación.



DIAGNÓSTICO POR IMAXE

No ano 2007, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe volveu acadar unha especial relevancia no conxunto do instituto, tanto polo incremento da súa actividade, en consonancia coa demanda, como pola incorporación de novos medios para facer fronte a esa crecente solicitude de exploracións con resonancia magnética.

Neste exercicio, consolidouse a actividade da primeira unidade móbil de resonancia magnética, posta en funcionamento en setembro de 2006, con todo o catálogo de probas dispoñible e contando coa colaboración de radiólogos dos hospitais comarcais, algúns dos cales realizaron previamente formación na Unidade de Diagnóstico por Imaxe.

Un dos factores determinantes da boa marcha deste proxecto asistencial foi o nivel de coordinación acadado cos hospitais aos que lles presta servizo, froito en gran medida da colaboración e acollida que recibiu dende o comezo por parte dos profesionais e equipos directivos deses centros. Ese

entendemento de partida permitiu sentar unhas bases de funcionamento polas que a unidade móbil traballa na práctica como un servizo máis do hospital cando se coloca ao seu carón.

Á vista da satisfacción cos resultados desa fórmula asistencial, deseñada para achegar en óptimas condicións esa tecnoloxía diagnóstica aos sete hospitais de ámbito comarcal, decidiuse adquirir unha segunda unidade, cunha previsión de inicio de actividade para o mes de abril de 2008.

A principios de 2007 entrou en funcionamento unha resonancia magnética de 1,5 teslas no Hospital do Meixoeiro que reforzou de xeito notable a capacidade de resposta da Unidade de Diagnóstico por Imaxe fronte ao crecemento da demanda de exploracións complexas. Nese sentido a unidade avanzou na liña da espectroscopia cerebral con resonancia magnética, ademais de ampliar este tipo de exploracións ás patoloxías de próstata, para o que se dispón de aparellos complementarios especiais. A espectroscopia con resonancia magnética permite ver máis alá das formas anatómicas, xa





UNIDADES CLÍNICAS



que é posible observar o comportamento bioquímico anómalo das células e detectar así doenzas dunha maneira moi precoz.

A utilización durante todo o ano da unidade móbil e a apertura do novo equipo no Hospital do Meixoeiro, permitiron elevar considerablemente a actividade global respecto do anterior exercicio. A Unidade de Diagnóstico por Imaxe atendeu no ano 2007 un total de 22.672 pacientes aos que lles foron realizadas 29.302 exploracións, que representan un 42,23% máis que as efectuadas en 2006. Nas unidades fixas dos hospitais Xeral Cíes e Meixoeiro (CHUVI) realizáronse 22.017 exploracións e na unidade móbil de resonancia magnética fixéronse 7.285 estudos a 6.081 pacientes.

A posta en marcha da RM do Meixoeiro supuxo un reto para os profesionais da unidade, pola distancia física que existe entre os equipos instalados no Hospital Xeral Cíes e o novo equipo.

En canto á organización do traballo, en 2007 houbo que axear a actividade á demanda mediante o establecemento de quendas extraordinarias en fin de semana; nos equipos do Hospital Xeral en quenda de mañá e tarde durante os sábados e domingos dende o 5 de maio ata o 10 xuño e dende o 15 de setembro ata o 25 de novembro.

Polo que se refire á carteira de servizos, a unidade continuou aumentando en 2007 a complexidade das exploracións, e nese sentido é salientable a posta en marcha e realización de estudos funcionais cardíacos con RM e de resonancia magnética funcional cerebral.

Neste ano, a unidade seguiu avanzando na liña da espectroscopia, unha técnica que no 2006 xa se ampliara ás patoloxías de próstata. Trátase dun tipo de exploración especialmente laboriosa, pero que ofrece amplas posibilidades diagnósticas fóra do ámbito estritamente morfolóxico, ao internarse nos aspectos bioquímicos da anatomía e a patolo-

UNIDADES CLÍNICAS



xía, polo que se está convertendo nunha ferramenta con grandes posibilidades de desenvolvemento.

Outro feito relevante do ano 2007 foi a desaparición do soporte en placa dos estudos de RM que se realizan nos equipos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo –que inclúe os do Hospital Xeral Cíes e la RM do Hospital do Meixoeiro–, así como as resonancias do Hospital do Salnés. Todos eses estudos visualízanse e infórmanse directamente nas estacións de diagnóstico e quedan arquivados no PACS do hospital correspondente.

No que atinxe á coordinación e cooperación da unidade co resto do complexo hospitalario, hai que salientar de novo a participación no comité de mama do hospital e no comité de neuropatoloxía oncolóxica do CHUVI.

A unidade mantivo no ano 2007 unha notable actividade docente e científica, destacando a realización do curso de doutoramento: “Resonancia

Magnética: Utilidade clínica, presente e futuro”, así como a presentación de catro comunicacións en congresos internacionais e oito en congresos nacionais, e a publicación de dous artigos científicos, un nunha revista internacional e outro nunha revista nacional.

ACTIVIDADE

Nas táboas seguintes sublíñanse os datos máis significativos da actividade asistencial acadada na Unidade de Diagnóstico por Imaxe.

Actividade global ano 2007

	Pacientes	Exploracións
Hospital Xeral-Cíes – RM	12.163	16.410
Hospital do Meixoeiro- RM	4.234	5.408
Unidade Móbil – RM	6.081	7.285
TAC	194	199
Total	22.672	29.302





UNIDADES CLÍNICAS



DIAGNÓSTICO POR IMAXE - CHUVI

	2005	2006	2007
RM	17.756	18.518	21.818
TAC	196	187	199
Exploracións totais	17.952	18.705	22.017
Exploracións programadas	17.920	18.413	21.545
RM	17.724	18.226	21.346
TC	196	187	199
Exploracións urxentes	32	292	477
RM	32	292	477
TC	0	0	0
Índice de programación (%)	99,82	98,43	97,83
Exploracións/día RM	57,1	55,6	82,2
Pacientes TAC	192	183	194
Pacientes RM	13.285	14.020	16.397
Pacientes totais	13.477	14.203	16.591

RM MÓBIL

	2006	2007
Total pacientes	1.665	6.081
Total exploracións	1.899	7.285

Para levar a cabo esta actividade asistencial, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe contou co seguinte equipamento técnico:

- ▶ Resonancia magnética General Electric Signa Orion 1.5 T.
- ▶ Resonancia magnética Philips Gyroscan 0.5 T.
- ▶ Resonancia magnética Itisa Artoscan 0.2 T.
- ▶ Resonancia magnética Siemens AG Magnetom 1.5 T (Unidade móbil).
- ▶ Resonancia magnética Philips Achieva 1,5 T. (Hospital do Meixoeiro).





MEDICINA NUCLEAR

UNIDADE DE VIGO

A Unidade de Medicina Nuclear de Vigo continuou no ano 2007 nunha liña de elevada actividade e de mellora dos estándares asistenciais en relación cos datos de lista de espera e demora máxima. A lista de espera diminuíu en 67 días e a demora máxima en 104 días en relación co ano 2006. Durante o ano 2007 realizáronse un total de 7.872 técnicas, das cales 7.719 foron procedementos diagnósticos e 153 terapéuticos.

Respecto do exercicio anterior produciuse unha diminución porcentual dun 4,99% nos procedementos diagnósticos realizados, cun incremento dos procedementos terapéuticos dun 14% para as técnicas ambulatorias e dun 36% para as terapias con ingreso.

A diminución da actividade asistencial en procedementos diagnósticos en relación ao ano anterior foi motivada por presentar unha mellora nos estándares de lista de espera e demora máxima,

que se conseguiu ao manter unha elevada actividade asistencial en quenda ordinaria, o que supuxo realizar unha menor actividade asistencial en quenda extraordinaria de noite.

Así mesmo é importante salientar o índice de 1,63 procedementos por paciente realizado, o que constitúe un indicador da maior complexidade das exploracións.

En contraposición, produciuse un notable incremento dos procedementos terapéuticos realizados, fundamentalmente os que requiren ingreso hospitalario na Unidade de Terapia Metabólica, para carcinoma diferenciado de tiroide, en resposta ao incremento da demanda.

Durante o ano 2007 consolidouse a técnica especial do ganglio sentinela en patoloxía tumoral mamaria. Os médicos nucleares da unidade comezaron a participar no quirófano, cooperando cos cirurxiáns na busca operatoria con sonda do ganglio sentinela. Así mesmo, afondouse nas técnicas diagnósticas no ámbito da neuroloxía, como a gammagrafía con





UNIDADES CLÍNICAS



transportadores dopaminérxicos para o diagnóstico e monitorización da enfermidade de Parkinson.

Non houbo modificacións na carteira de servizos da Unidade. Tampouco houbo modificacións no equipo de persoal ou na dotación tecnolóxica da unidade durante o ano 2007.

Polo que se refire á formación, incorporouse un MIR para a especialidade de Medicina Nuclear, e mantívose a formación a través de estanzas reguladas para a preparación de persoal de enfermaría e técnicos que poidan ser contratados de forma temporal.

Con vistas ao próximo exercicio, a unidade prepárase para novas aplicacións, que se verán materializadas coa incorporación dunha nova tomocámara con TAC e o PET/TAC. Estes equipos permitirán abrir e ampliar a carteira de servizos cun avance especial no diagnóstico metabólico e estrutural de numerosas entidades clínicas, con especial mención á estadiación e monitorización do cancro.

No seguinte cadro expóñense os datos de actividade máis significativos da Unidade de Medicina Nuclear de Vigo:

- ▶ 5.398 pacientes.
- ▶ 7.872 procedementos.

MEDICINA NUCLEAR VIGO

	2005	2006	2007
Procedementos programados	5.455	6.982	6.657
Procedementos urxentes	1.792	1.263	1.215
Procedementos totais	7.247	8.245	7.872
Procedementos diagnósticos	7.098	8.124	7.719
Procedementos terapéuticos	149	121	153
Índice de programación (%)	75,27	82,22	82,36
Procedementos día	26,16	24,85	28,01
Diagnósticos/terapéuticos	47,64	67,14	50,45
Pacientes programados	4.103	4.340	4.788
Pacientes urxentes	1.088	676	610
Pacientes totais	5.191	5.016	5.398

A devandita actividade realizouse contando co seguinte equipamento:

- ▶ Gammacámara de dobre detector e ángulo variable Sopha NXT.
- ▶ Gammacámara de dobre detector e ángulo variable Siemens e-cam-esoft.
- ▶ Captador tiroideo Atomlab modelo 950.



UNIDADE DE OURENSE

A Unidade de Medicina Nuclear de Ourense incrementou a actividade asistencial no ano 2007 nun 7,22% en relación ao exercicio anterior, cun aumento dun 6,5% en procedementos diagnósticos e dun 37% nos terapéuticos.

Polo que se refire á lista de espera, no ano 2007 había 157 pacientes agardando, cunha espera media de 20 días e máxima de 84 días. Con respecto ao ano 2006, figuraban 30 pacientes máis en lista de espera que corresponden a leves fluctuacións non estruturais correspondentes á demanda en cardiología nuclear.

É importante salientar o índice de técnicas por paciente, que se sitúa en 1,67, cifra que se está incrementando anualmente, o que é un indicador da maior complexidade dos estudos realizados.

O incremento de técnicas realizadas obedece a un aumento da demanda dun 8,01% en relación ao ano 2006, o que permite presupoñer un maior crecemento para os anos vindeiros, en consonancia cunha maior incardinación e coñecemento da especialidade na área sanitaria de Ourense.

En canto ao tipo das técnicas realizadas, consolidáronse os procedementos no ámbito da oncoloxía e neuroloxía, con algún deles como referencia para a área sur de Galicia, como é a técnica do ganglio sentinela no melanoma. Así mesmo, ábranse novos procedementos do ganglio sentinela, actualmente en fase de validación, como a técnica do ganglio sentinela en vulva. A carteira de servizo mantense sen variacións.

Tampouco houbo cambios en relación coa dotación técnica e os recursos humanos.



UNIDADES CLÍNICAS



Mantéñense os estándares aprobados para a certificación de calidade da norma ISO 9901:2000, o que obriga a un exercicio continuo de avaliación e de monitorización dos indicadores de calidade no ámbito asistencial e técnico.

Así mesmo, a Unidade mantivo unha elevada actividade no ámbito científico e divulgativo, e ampliou a colaboración científica con outros servizos do Complexo Hospitalario de Ourense, fundamentalmente con cardioloxía.

No cadro que se inclúe a continuación recóllense os principais datos de actividade da Unidade de Medicina Nuclear de Ourense.

- ▶ 4.046 pacientes.
- ▶ 6.743 procedementos.

MEDICINA NUCLEAR OURENSE

	2005	2006	2007
Procedementos programados	5.002	5.455	5.804
Procedementos urxentes	931	834	939
Procedementos totais	5.933	6.289	6.743
Procedementos diagnósticos	5.751	6.151	6.553
Procedementos terapéuticos	182	138	190
Índice de programación (%)	84,31	84,94	84,13
Procedementos día	24,22	25,57	27,30
Diagnósticos/terapéuticos	31,60	44,57	34,49
Pacientes programados	3.433	3.506	3.573
Pacientes urxentes	467	429	473
Pacientes totais	3.900	3.935	4.046

A devandita actividade realizouse contando co seguinte equipamento:

- ▶ Gammacámara de dobre detector e ángulo variable Sopha Vision DST.Xlii.
- ▶ Gammacámara monocabezal Siemens e-camesoft.
- ▶ Captador tiroideo Atomlab modelo 950.
- ▶ Equipo de ventilación pulmonar: Technegas Generator.
- ▶ Sala de probas cardiolóxicas con ergómetro GE Marquette, Mac 5000 ST, tapiz rodante Series 2000 e desfibrilador Responder 1100.





ONCOLOGÍA RADIOTERÁPICA

Dous dos aspectos máis salientables do funcionamento da Unidade de Oncoloxía Radioterápica ao longo do ano 2007 foron o incremento da actividade e a incorporación de novas técnicas de tratamento. Neste período, aumentou nun 15,48% a cifra de terapias realizadas respecto do ano anterior, como consecuencia, en gran medida, da incorporación a finais de 2006 dun cuarto acelerador lineal multienergético, que permitiu asumir e dar resposta, dun xeito máis racional, á importante demanda asistencial que está recibindo este servizo.

No exercicio 2007, realizáronse 1.948 tratamentos de teleterapia, 261 de braquiterapia de alta taxa e 81 de radiocirurxía. O crecemento da actividade posibilitou unha diminución da lista de espera ata situala en 34 días.

Dende o punto de vista tecnolóxico, un aspecto salientable deste ano foi a implantación da braquiterapia de alta taxa de próstata con dosemetría en tempo real, unha técnica coa que se consegue a máxima precisión na radiación do cancro prostático, e que establece instantaneamente as cantidades de doses que é necesario aplicar a cada punto do tumor que se está tratando. Este sistema, ademais de mellorar a eficacia do tratamento con braquiterapia, acurta o tempo que se precisa para atender a cada paciente e mellora o seu benestar, dado que practicamente non ten que moverse durante o tratamento.

En 2007 avanzouse na implantación da intensidade modulada de doses en radioterapia (IMRT) con vistas á súa normalización definitiva na carteira de servizos no 2008. Esta técnica ofrece notables vantaxes no tratamento de determinados tipos de cancro localizados en zonas complexas en que se acumulan órganos de risco, como a cabeza, o colo e a próstata, e tamén está especialmente indicada o seu emprego en pacientes que polas súas características anatómicas non poden ser tratados con outras técnicas, como a braquiterapia. A IMRT, que supón un novo avance na precisión e seguridade da radioterapia, representa ademais un novo reto asistencial e profesional por canto existe dunha meirande utilización de recursos humanos e tecnolóxicos e durante un tempo máis prolongado.

Ao longo de 2007 adquiriuse un sistema micromultiláminas para a súa instalación nun dos catro acelera-

dores con que conta o servizo. Este equipamento, que se instalará ao longo de 2008, permite mellorar a precisión da intensidade modulada de dose así como os tratamentos con radiocirurxía estereotáxica.

A unidade emprendeu en 2007 un ambicioso proxecto de mellora organizativa, no que están inmersos todos os seus profesionais, que ten como finalidade converter este servizo nun referente de excelencia en xestión, capaz de atraer talento e desenvolver prácticas punteiras no seu campo de actividade.

Dende o mes do outubro, un equipo externo independente está asesorando a unidade na implantación de estratexias tendentes a mellorar todos os ámbitos de actuación, entre as que se inclúen medidas para optimizar os sistemas de traballo, promover a motivación do persoal, impulsar a capacidade de investigación e o desenvolvemento, manter a máxima satisfacción dos usuarios e facer desta unidade un lugar atractivo de traballo ata situalo como primeiro centro de elección para os profesionais a nivel estatal.

Dentro desa dinámica de mellora continúa, a unidade abriu unha liña de contactos con centros punteiros no diagnóstico e tratamento do cancro, entre os que se inclúen diversos institutos e hospitais de Estados Unidos, co fin de coñecer os seus sistemas de xestión e organización, con vistas a adaptar aqueles aspectos máis positivos do seu funcionamento.

No eido da investigación, ademais de participar, como en anos anteriores, en diversos programas de investigación e ensaios clínicos, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica iniciou en 2007 unha liña de cooperación científica co Norris Center Cancer Hospital, dependente da Universidade Sur de California, nun amplo estudo encamiñado a determinar a resposta de determinados grupos de poboación, con características xenéticas homoxéneas, entre os que se atopan os galegos, diante do tratamento contra diversos tipos de cancro.

É destacable tamén, no ámbito científico, a ampla participación dos profesionais da unidade, con preto dunha vintena de traballos, en forma de póster e comunicacións, no XIV Congreso Nacional da Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica (SEOR) que tivo lugar en Málaga no mes de outubro.



UNIDADES CLÍNICAS

